

Corral Diaz, Esther; Fidalgo Francisco, Elvira e Lorenzo Gradín, Pilar (eds.). 2016. *Cantares de amigos. Estudos en homenaxe a Mercedes Brea*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. 956 pp.

A filoloxía románica e a filoloxía galega débenlle á figura de Mercedes Brea moita da historia que hoxe aínda se segue a escribir ao abeiro de todos os seus traballos. Foi e é recoñecida, entre outros tantos méritos, polo seu labor na internacionalización e posta en valor da pequena realidade galega no amplo e complexo mundo da romanística.

Mercedes Brea, catedrática de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela, recibe coa publicación deste volume unha homenaxe por parte de moitas das persoas que ao longo da súa vida a acompañaron na súa abondosa e recoñecida traxectoria.

A apertura do exemplar corre a cargo de Roberto Antonelli, profesor da Università La Sapienza de Roma, que agradece á homenaxeada toda a súa inxente contribución ao mundo académico, aproveita para destacar a multiplicidade da súa actividade e a súa curiosidade innata “di studiosa e di docente” e loa a súa pegada na configuración da historia da filoloxía galega e románica, así como a súa capacidade para contribuír á formación de centros de investigación tan reputados como, por poñer un exemplo, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

A este limiar séguelle un emotivo perfil biográfico redactado por Isabel González, catedrática de Filoloxía Italiana da Universidade de Santiago de

Compostela e grande amiga da homenaxeada, no cal vai dando conta das características humanas que máis definen a persoa.

Prosegue o volume cun repaso pola traxectoria académica e profesional redactado polo doutor Miguel Á. Pousada Cruz no que se recordan algúns dos traballos de Brea en calidade de autora, outros en calidade de coordinadora e de editora e, finalmente, outros como directora, ou codirectora, de teses de doutoramento de recoñecido prestixio.

A continuación dáse paso ao groso do volume, setenta e nove contribucións (non máis porque, como di Isabel González no limiar, “máis ca un libro resultaría unha enciclopedia con varios volumes”), nas cales destaca a multiplicidade dos temas tratados, encaixando en perfecta harmonía co versátil carácter académico de Mercedes Brea, pois son moitas e diversas as persoas que agradecen poder render tributo a tal personalidade.

Non hai subdivisións temáticas e a orde das achegas realízase mediante a ordenación alfabética do primeiro apelido da persoa que responde á autoría de cada un dos artigos. Porén, cremos que se poden establecer varios eixes para clasificar todos os traballos publicados. Aínda que a transversalidade de moitos deles faga desta misión algo complexo, o carácter da recensión cremos que tira beneficio da organización que a continuación se formula.

A lingüística, por unha parte, e a literatura, pola outra, serán os dous marcos de referencia. Dentro do primeiro, o da lingüística, sinalaremos aqueles estudos que traten de aspectos da romanística en xeral, daqueles outros que se centren en cuestións máis propias da lingua galega. Dentro do segundo, o da literatura, alén desa barreira entre contribucións doutras realidades románicas e achegas propias sobre o caso galego, haberá aínda outras subdivisións que axudarán a localizar mellor cada un dos traballos e que no seu momento indicaremos.

O primeiro eixe que podemos sinalar, como anteriormente se acaba de mencionar, é aquel que centra a súa atención en aspectos relativos á lingüística. Neste grupo, en relación con aspectos da romanística sen tratar directamente o tema galego, integraríanse estudos como o de Ana M^a Cano González, onde sinala cales foron os diferentes resultados do sufixo -ELLU/-ELLA na antroponimia asturiana e como se levou a cabo o proceso de castellanización

nessas solucións; o de Fernando Sánchez Miret no que analiza os tipos de argumentos que historicamente se foron formulando sobre a clasificación do catalán dentro do conxunto das linguas románicas; o de Benedict Buono sobre a análise da lingua e a súa variación diatópica recollida no letrado cociñeiro Vincenzo Corrado ou o de Alexandre Veiga no que analiza un problema de lectura no *Poema de Fernán González* e elabora a probábel reconstrución lingüística cun exhaustivo rexistro que ten como cerna as palabras *aguardar* e *guardar*. Quizais neste agrupamento poderíamos incluír tamén o artigo de Milagros Fernández Pérez no que se analiza a influencia de Jakobson na lingüística actual; o de Rosa Medina Granda, sobre a relación entre a lingua e a música; o artigo colaborativo entre Jesús Pena e M^a José Rodríguez Espiñeira sobre o papel da semántica e a orixe dos nomes eventivos simples ou o de M. Enrique Vázquez Buján no que analiza a denominación dunha enfermidade no latín, lingua xermolo de todas as posteriores variedades románicas.

Tamén como parte do agrupamento de cuestións da lingüística románica, mais xa máis centrados no caso concreto da variedade galega, temos a contribución de Xosé Afonso Álvarez Pérez, que atende as diferentes denominacións galegas e portuguesas dadas á “folla do piñeiro”; a de M. Reina Bastardas i Rufat e José Enrique Gargallo Gil sobre os refráns meteorolóxicos coa expresión “cielo aborregado” e as distintas imaxes afíns en galego e romance; a de Eduardo Moscoso Mato sobre a elección entre o substantivo *coche* ou *carro* seleccionada na lingua galega e o seu porqué; a formulación dalgúns dos problemas que xorden polo uso da fórmula *etc.* no galego elaborada por Manuel González González; a análise do emprego do presente con valor de futuro rexistrado en moitos dos usos da prensa escrita redactada por María Sol López Martínez; as atestacións medievais da solución galega *polbo* e a castelá *pulpo* descendentes do étimo latino POLYPU realizada por Xavier Varela Barreiro; a achega de M^a Dolores Sánchez-Palomino sobre as equivalencias castelán-galego na lexicografía moderna rexistradas no dicionario da Real Academia Galega, ou a de José Ignacio Pérez Pascual sobre o achegamento á segunda edición da obra *Diccionario de autoridades* mediante unha análise das voces galegas alí rexistradas. E quizais tamén neste grupo, aínda que non trate unha cuestión estritamente lingüística sobre o galego mais que si sinala aspectos que socialmente se relacionan con el, poderíamos incluír o artigo de Carmen Alén Garabato sobre a identidade e a lingua como argumentos comerciais nos coñecidos anuncios de *Vivamos como galegos*.

O segundo dos grandes eixes temáticos que podemos sinalar neste volume correspóndese con aquel que ten na literatura o seu obxecto de estudo. Dentro deste tamén se poden establecer subdivisións como a correspondente a cuestións literarias de índole máis xeral ou a que ten o foco no período da literatura medieval que, por constituír este último un dos eidos principais do traballo da homenaxeada acolle a parte máis numerosa das achegas referidas. Mais tamén se poden delimitar aínda outras pólas máis específicas xa no seo da literatura medieval, como a que se centra no estudo da expresión das emocións ou a que analiza aspectos da literatura de viaxes.

No senso de cuestións literarias de tipo xeral, ou difíciles de clasificar noutros agrupamentos, teríamos os artigos de, por exemplo, Cristina Marchisto no que analiza a descrición da chuvia nos poetas italianos Manzoni, Pascoli e Tozzi; os de Eva Castro Caridad ou José Manuel Díaz de Bustamante sobre aspectos da literatura latina (a primeira centrada no retrouso na lírica amorosa e o segundo co *Códice Calixtino* como escusa para analizar polémicas relixiosas da época); o de Guillermo Rojo no que explica como se usan os textos medievais, moitos deles literarios, no *Diccionarios de Autoridades*; a “reca-dádiva” da literatura de tradición oral nunha comarca de Ourense que centra a pescuda de Antonio Fernández Insuela; o artigo no que se repensa cal é o papel que hoxe posúe a literatura comparada elaborado por Darío Villanueva ou o traballo de José Manuel Lucía Megías no que, dende unha perspectiva global, realiza varias reflexións sobre o papel da persoa encargada da edición e o desafío ao que se enfrenta na segunda textualidade.

Xa nas achegas referentes ao período da literatura medieval e, ao igual que no caso anterior, dividíranse cada unha das contribucións en dous grandes apartados: un máis focalizado en aspectos das literaturas medievais románicas, en xeral, e outro máis específico que trate, unicamente, sobre aspectos do medievalismo galego. Así as cousas, temos no senso da literatura medieval románica traballos como o de Carlos Alvar sobre o gato de Boiardo; aspectos sobre a estrutura, *stemma* e sentido dunha das composicións do trobador aquitano Jaufre Rudel no texto elaborado por Roberto Antonelli; cuestións métricas relativas aos versos longos e outras formas afíns na poesía lírica trobadoresca no redactado por Dominique Billy; achegas sobre o debate entre a *Vita di Dante* e o *Trattadello in laude di Dante* da investigadora Carmen F. Blanco Valdés; o estudo dunha composición de Guillherme de Aquitania que centra o traballo de Paolo Canettieri; o marco espacial e temporal do com-

bate cabaleiresco e a relación que este ten co tópic do *locus amoenus* que é a cuestión estudada por Fernando Carmona Fernández; a presenza protagonista do personaxe de Cupido na colección dos *Carmina Burana* que ocupa o artigo de José Carracedo Fraga; o de Alfonso D'Agostino, que ofrece un novo comentario sobre o fragmento IV 5 do *Decameron*; as notas para o estudo dunha composición do trovador Gautier de Dargies realizado por Luciano Formisano; o estudo da figura da lítote na *descriptio puellae* nos versos da “Cantiga da guarvaia” elaborado por Yara Frateschi Vieira; as reflexións arredor das etiquetas *sirventés joglares* e *tensons* realizadas por Gérard Gouiran; o artigo colaborativo entre Santiago Gutiérrez García e María Mercé López Casas que versa sobre as transformacións que a imprenta trouxo consigo na reconfiguración dos xéneros e como isto afectou as dúas versións do *Baladro del sabio Merlín*; os comentarios que sobre Petrarca se rexistran na voz do comentarista de *La Celestina* e que ocupa o interese de M^a Elisa Lage Cotos; a interpretación da *recensio* da *Mort de Artu* que aparece baixo a firma de Lino Leonardi; algunhas das achegas sobre as relacións familiares e políticas que mantiña Pedro I de Castela e que estuda o artigo de Santiago López-Martínez Morás; o de Simone Marcenaro no que investiga sobre as atribucións do *Livro das cantigas* ao Conde de Barcelos; a composición *Pos mos coratges esclarzis* do trovador Macabré e a relación desta con Onorio *Augustodunensis* e a arte de Moissac que centran o tema do traballo de Maria Luisa Meneghetti; a figura do xigante en *Aquilon de Bavière* explicada por Marina Meléndez Cabo; o repaso das anotacións que Carolina Michaëlis tirara dun gran número de mulleres cultas é que son rescatadas por Maria Isabel Morán Cabanas; o estudo de Anna M. Mussons, no que a autora achega novos datos sobre a realidade histórica e social dos trovadores sitos entre a coroa de Francia e a de Aragón dende a segunda metade do século XII até finais do XIII; o traballo de Juan Paredes, que versa sobre a representación do corpo feminino en textos medievais trovadorescos; o problema da errónea atribución dun libro de cetrería ao Mestre Giraldo que centra a investigación de Gerardo Pérez Barcala; un primeiro estudo arredor das fontes empregadas na edición aldina dun texto de Petrarca que constitúe o motivo de estudo de Carlo Pulsoni; a importancia da música na configuración xenérica das composicións épicas, pescudas feitas por Antoni Rossell; o traballo, arredor das descrições atopadas nas *Memorias* da Raíña Margarida de Francia e o *Discours* de Bratôme, realizado polo especialista Joaquín Rubio Tovar; o artigo de Diego Seoane Casás que achega novas hipóteses que atinxen á obra do trovador Bertran de Born; un diálogo do *Cancionero de Palacio*, atribuíbel a Juan e Alfonso Enrí-

quez, que centra o estudo de Cleofé Tato e, por último, o traballo de Gema Vallín, que se ocupa de estudar canto hai de tradición e canto de innovación na cantiga de Alfonso XI “En un tiempo cogí flores”.

Aínda dentro do agrupamento das contribucións sobre literatura románica en xeral, pero fixando xa o foco en cuestións relativas á literatura de viaxes, temos o artigo de Dolores Corbella sobre a expansión atlántica e a interpretación que algúns cronistas ofrecían; o estudo dos elementos retóricos das *laus irbium* unido ao concepto do marabillioso na versión toscana do *Milione* escrito por Ana María Domínguez Ferro ou a análise sobre o papel das fontes na literatura de viaxes que ocupa o interese de Giulia Lanciani. Entroncado coa realidade galega, mais tamén coa literatura de viaxes, temos o artigo de José Luis Couceiro Pérez sobre a obra “odepórica” de Nicola Albani onde o italiano expón todo aquilo que observou na súa peregrinación polo noroeste da Península Ibérica e especialmente pola cidade de Compostela.

A expresión das emocións na lírica románica medieval é outro dos focos que decidimos subliñar dentro do conxunto da literatura medieval románica xeral por constituír nos últimos tempos gran parte da produción de Mercedes Brea, así como de moitas outras persoas que a acompañan nese proxecto. Mostra destas pescudas que están activas son as contribucións de Rocco Distilo, sobre a expresión do *odio* nos trovadores sicilianos; a de Isabel González, arredor do léxico emotivo contido na prosa da *Vita Nuova* ou, incluso, a de Corrado Bologna, na que teoriza sobre a relación do amor coa parte máis espiritual valéndose, tamén, duns versos de Dante como base. Dentro deste grupo, mais xa centrado exclusivamente no ámbito da lírica profana galego-portuguesa está o artigo de Antonio Augusto Domínguez Carregal sobre a expresión do *dano* nese corpus.

A cabalo entre o primeiro grupo, o da literatura románica en xeral, e o segundo, o da literatura galega (medieval, sobre todo), podemos situar o artigo de Gimena del Río Riande, pois nel estuda a aparición de varios elementos localizados na cantiga “Amad’e meu amigo” de Don Denís usando esta como mostra do sincretismo medieval.

Como achegas literarias centradas no ámbito galego cómpre diferenciar as referentes ao mundo medieval, concretamente ás da lírica galego-portuguesa, daquelas outras que non forman parte dese período. Das primeiras, as

máis numerosas, contamos con artigos como o de Mariña Arbor Aldea sobre un dos *lais de Bretanha*; co estudo sobre a variación gráfica contrastiva entre o manuscrito *T* por unha parte e *B* e *V* pola outra realizado por Helena Bermúdez Sabel; coa análise da presenza de Beatriz de Suabia nese corpus que centra a análise de Esther Corral Díaz; coa de Francisco Fernández Campo que se basea en achegas biográficas do trovador Pero d’Armea; coa colaboración de Antonio Fernández Guiadanes que participa na homenaxe achegando dúas notas arredor da transmisión manuscrita da lírica profana como primeiro avance da súa futura tese; coa repercusión que tiveron as *Cantigas de Santa María*, de Afonso X, como tema escollido por Elvira Fidalgo Francisco; coa edición e o estudo das cantigas de Pero Velho de Taveirós que son as que centran a colaboración de Déborah González; co estudo do encabalgamento léxico na nosa lírica medieval elaborado por Pilar Lorenzo Gradín; coa análise do elemento lexical *talan* elaborado por M^a Ana Ramos e que trae novos datos para o estudo da lírica medieval; co artigo de Xavier Ron Fernández que achega novas hipóteses sobre o trovador Johan Nunez Camanez e o apelido de Martin Codax; co de José Antón Souto Cabo que investiga sobre as figuras femininas que gozaron de patrocinio na lírica galego-portuguesa e co de Giuseppe Tavani, finalmente, que achega novos apuntamentos a ter en conta na interpretación da cantiga de Afonso X “Ben sabia eu, mha senhor”.

25

Na liña da literatura galega centrada en cuestións que non teñen no mundo medieval a súa cerna temos a colaboración de Ramón Mariño Paz, na que estuda o texto do XIX *Un labrador que foy sarxento á os soldados do nobo alistamento* e as súas diferentes versións, e a de Antón Santamarina, na que presenta varias anotacións filolóxicas sobre o texto *Se o vello Sinbad volvese ás illas...* de Álvaro Cunqueiro.

Temos, xa para rematar, unha serie de artigos que pola súa temática non podemos adscribir a aspectos estritamente vinculados a cuestións lingüísticas ou literarias, aínda que todos eles orbitan indirectamente nese senso por ser o círculo de movemento da homenaxeada. Entre estes estarían o de Juan L. Blanco Valdés no que se ocupa de repasar o nacemento das editoriais universitarias e, particularmente, a creación da correspondente sección dentro da Universidade de Santiago de Compostela con Mercedes Brea como membro do equipo editorial nos inicios ou o de Francisco Fernández Rei, sobre a creación do Instituto da Lingua Galega e a relación de compañeirismo e participación da profesora no seo dalgunhas das súas actividades; mais tamén

outros como o de María José Domínguez Vázquez sobre os internautas e a sociedade dixital dende unha perspectiva didáctica ou o de Elena Sánchez Trigo, no que achega unha visión teórica do significado da tradución.

En conclusión, e logo da elaboración da recensión desta obra, quizais podemos lamentar que a análise fora breve polas limitacións que imperan nunha publicación deste tipo, mais tamén loar que fora ampla, se temos en conta o número de contribucións analizadas. De calquera forma, e alén de todos os escollos que nos puideran xurdir ao enfrontarnos a un volume tan especial e vasto, o que se pode observar, claramente, é a gran calidade, profundidade e multiplicidade temática que definen a todos e cada un dos traballos. Foron moitas as persoas que non quixeron deixar pasar a ocasión para render tributo á súa *amiga* e aproveitar a conxuntura para poder *cantarlle*, desa maneira, neste preciso e sentido volume que no 2016 viu a luz.

Raquel Fernández Parada